Escola Universitaria de Enfermaría Povisa

ORGANIZACIÓN

A Escola Universitaria de Enfermería de Povisa, adscrita á Universidade de Vigo, naceu oficialmente no ano 1991, baixo o patronazgo do Hospital Povisa coa idea de desenvolver unha función docente que consideraba adecuada e beneficiosa para un centro das súas características, formando profesionais de Enfermería que cando terminasen os seus estudos, puidesen pasar a formar parte da División de Enfermería do Hospital, estendendo na actualidade dita filosofía a todos os estamentos sanitarios tanto españois como estranxeiros.

A filosofía do Centro Estudos Povisa é formar profesionais capaces de exercer as funcións específicas de cada unha das titulacións que imparte, así como fomentar o traballo mediante a colaboración con outros profesionais da saúde e chegar a conseguir obxectivos comúns.

E para chegar a esta meta, a formación do alumnado apóiase en tres alicerces fundamentais: O desenvolvemento de clases teórico-prácticas enfocadas á resolución de problemas, impartidas por especialistas en cada unha das materias, o fomento da aplicación práctica dos conceptos teóricos, mediante a avaliación continuada do alumno por medio de titorías, o que ten especial interese sobre todo nos créditos prácticos clínicos, avaliación que se realiza en colaboración cos profesionais das diferentes unidades onde o alumno realiza estes créditos.

ÓRGANOS DE GOBIERNO

Director: ALFONSO GARCÍA SUÁREZ

Subdirectora: MARÍA GIRÁLDEZ MIRANDA

Secretaria: MARÍA MUIÑOS ÁLVAREZ

Delegado U. VIGO : RAÚL IGLESIAS BLANCO

ESTRUCTURAS

INFRAESTRUTURAS: Situada na rúa Romil 75 / 77 da cidade de Vigo, a escola conta cunha superficie aproximada aos 2.500 m2, distribuídos en catro plantas que compoñen a estrutura do Centro. A entrada á Escola conta cunha rampla especialmente para acceso a discapacitados.

As aulas destinadas a docencia son as seguintes :

- AULA 11 1º CURSO
- AULA 21 2º CURSO
- AULA 23 3º CURSO
- AULA 1 4º CURSO
- AULA S1, S2, S4, S5 Y S7 todos os cursos.

EQUIPO DIRECTIVO

Director: ALFONSO GARCÍA SUÁREZ

Subdirectora: E. MARÍA GIRÁLDEZ MIRANDA

Secretaria: ALICIA MUÍÑOS ÁLVAREZ

Delegado da Universidade de Vigo: RAUL IGLESIAS BLANCO

OS DOCENTES

http://cepovisa.com/escuela-universitaria/docencia/profesorado/

INGRESO E ADMISIÓN

Enfermería é unha profesión regulada, é dicir aquela cuxa actividade profesional está subordinada a disposicións legais e á posesión dunha determinada cualificación profesional, polo que o Grao en Enfermería capacita para o exercicio da profesión de Enfermería, baseado na ORDE CIN/2134/2008, do 3 de xullo, que establece os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Enfermería.

O Título planificouse unha formación total de 240 créditos ECTS, dividida en oito cuadrimestres, cunha duración de catro anos lectivos e cun tipo de ensino de carácter presencial.

Número de prazas máximas de novo ingreso ofertadas no primeiro curso de implantación por modalidade de ensino: 70 prazas.

Non se establecen probas adicionais para o acceso ao título de Grao en Enfermería, aténdose unicamente ao establecido pola CIUG e pola normativa vixente de Universidade de Vigo.

Recoméndase unha actitude de axuda ás persoas e unha visión integral capaz de relacionar e relacionarse con todas as dimensións do ser humano. Ademais, debería demostrar unha adecuada disposición para o traballo en equipo, o estudo continuado, reflexivo e crítico, a capacidade de adaptación continua ao cambio e o manexo de situacións con gran carga física e emocional. Igualmente requírese responsabilidade, equilibrio, madurez persoal e boa saúde.

METODOLOXÍA DOCENTES

A metodoloxía docente a nivel xeral varía segundo o tipo de materia a impartir, as máis utilizadas son:

Clase expositivas.
Sesións en sala de demostracións.
Talleres.
Estudos de casos, análises diagnósticos, aprendizaxe baseada en problemas.
Traballos individuais e grupais relacionados cos contidos da materia.
Resolución de problemas.
Manexo da tecnoloxía da información e a comunicación.
Tanto o tipo de metodoloxía como o sistema de avaliación de todas as materias están perfectamente deseñados na Guías Docnet e ditas guías renóvanse curso a curso.

APOIO E SEGUEMENTO

O estudante matriculado conta cun sistema de apoio e seguimento, primeiramente a través da Universidade de Vigo e mediante o Plan de Acción Titorial (PATEUE) do Centro.

Esta titulación posibilita o acceso ao segundo e terceiro grao de desenvolvemento académico (Máster e Doutoramento) e ás especialidades especificas da titulación definidas polo Ministerio de Sanidade.

Grao en Enfermaría

Materias

Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais

V53G140V01301	Enfermaría clínica III	1c	6
V53G140V01302	Enfermaría materno-infantil	1c	9
V53G140V01303	Prácticas clínicas II	1c	15
V53G140V01304	Enfermaría xeriátrica e coidados paliativos	2c	6
V53G140V01305	Enfermaría en saúde mental	2c	6
V53G140V01306	Prácticas clínicas III	2c	18

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Enfermaría clínica III				
Materia	Enfermaría clínica III			
Código	V53G140V01301			
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego Inglés			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermaría (Povisa)			
Coordinador/a	Muíños Álvarez, Alicia			
Profesorado	Magdalena Lopez, Carlos Jose Muíños Álvarez, Alicia Palomino Oquendo, Julio Cesar Pesqueira Santiago, Daniel			
Correo-e	amuinos@cepovisa.com			
Web	http://www.cepovisa.com			
Descrición xeral	Esta materia encadra as competencias a desenrolar polo estudante no coidado a persoas con patoloxías específicas dentro do campo da Enfermaría Médico-Cirúrxica.			

Competencias	
Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, como individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto ás súas opinións, crenzas e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional.
B8	Promover e respectar o dereito de participación, información, autonomía e consentimento informado na toma de decisións das persoas atendidas, acorde coa forma en que viven o seu proceso de saúde-enfermidade.
C28	Coñecer as alteracións da saúde do adulto, identificando as manifestacións que aparecen nas súas distintas fases.
C29	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
C30	Analizar os datos recollidos na valoración, priorizar os problemas do paciente adulto, establecer e executar o plan de coidados e realizar a súa avaliación.
C32	Seleccionar as intervencións encamiñadas a tratar ou previr os problemas derivados das desviacións de saúde.
D1	Capacidade de análise e síntese.
D2	Capacidade de organización e planificación.
D3	Capacidade de xestión da información.
D4	Resolución de problemas e toma de decisións.
D7	Razoamento crítico.
D8	Aprendizaxe autónoma.

Resultados de aprendizaxe				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de deseñar os coidados nas principais enfermidades relacionadas co aparello xeniturinario, sistema endocrino, e paciente neurocirúrxico.	A4 A5	B7 B8	C28 C29 C32	D1 D2 D3 D4 D7 D8
Ser capaz de planificar e prestar coidados antes situación concretas relacionadas cun paciente politraumatizado e neurocirúrxicos.	A3 A4 A5	B7	C28 C29 C30 C32	D1 D2 D3 D4 D7 D8

Ser capaz de prestar asistencia centrada no paciente, utilizando os diagnósticos de enfermaría e as actividades derivadas deles, nas patoloxías estudadas.	A4	B7 B8	C28 C29 C30 C32	D1 D2 D3 D4 D7 D8
Ser capaz de aplicar os coidados necesarios para a atención á persoa/paciente crítico incluído o potencial doante de órganos.	A3 A4	B7 B8	C28 C29 C30 C32	D1 D2 D3 D4 D7 D8

Contidos	
Tema	
1. Patoloxía Endocrina	1.1 Xeneralidades da patoloxía endocrina: Conceptos xerais e recordo anatómico, valoración xeral endocrina, tratamento médico e cirúrxico. 1.2 Exe hipotálamo-hipófisis: Estudo diagnóstico e enfermidades. 1.3 Tiroides: Enfermidades benignas e neoplasia maligna do tiroides. 1.4 Paratiroides: Hipoparatiroidismo, hiperparatiroidismo e carcinoma de paratiroides. 1.5 Patoloxía endocrina, suprarrenal, pancreática e Síndrome de NEM. 1.6 Diabetes, dislipemias, hiperuricemia e obesidade. 1.7 Enfermaría Endocrina: 1.7.1 Coidados de enfermaría. 1.7.2 Técnicas de enfermaría. 1.7.3 Tratamentos e administración dos mesmos. 1.7.4 Educación sanitaria. 1.7.5 Prevención e complicacións.
2. Politraumatismos	2.1 Soporte vital avanzado, asistencia ao politraumatizado e triaxe en catástrofes. 2.2 Traumatismo cervical e torácico: vía aérea, neumotorax, hemotorax, lesións da vía aérea, lesións pulmonares, lesións cardíacas e de grandes vasos, lesións diafragmáticas, lesións da parede torácica e lesións esofáxicas. 2.3 Traumatismo abdominal: Control de danos, síndrome compartimental, traumatismo hepático e esplénico, traumatismo duodenopancreático, traumatismo intestinal e traumatismo retroperitoneal.

3. Patoloxía Renal e Urolóxica	3.1 Estudo do paciente con Enfermidade Renal. Patoloxía Nefrourolóxica: 3.1.1 Valoración Función Renal e Urinaria. 3.1.2 Manexo das Enfermidades Renais. 3.1.3 Manexo das Enfermidades Urolóxicas. 3.2 Enfermidades Renais: 3.2.1 Insuficiencia Renal Aguda. 3.2.2 Insuficiencia Renal Crónica. 3.2.3 Síndrome Nefrótico. 3.2.4 Nefropatías Glomerulares. 3.2.5 Nefropatías Túbulointersticiais. 3.3 Hemodiálise. 3.4 Diálise Peritoneal. 3.5 Paciente Urolóxico: 3.5.1 Avaliación do paciente Urolóxico. 3.5.2 Síntomas e Signos. 3.5.3 Técnicas Diagnósticas. 3.6 Enfermidades Benignas Tracto Xenitourinario 3.6.1 Enfermidades Infecciosas do Tracto Xenitourinario. 3.6.2 Enfermidades Inflamatorias do Tracto Xenitourinario. 3.7 Patoloxía Urolóxica Renal: 3.7.1 Uropatía Obstructiva. 3.7.2 Tumores Renais. 3.8 Patoloxía Vesical: 3.8.1 Disfuncións neuromusculares do tracto urinario. 3.8.2 Tumores Vesicais. 3.9 Patoloxía Prostática: 3.9.1 Hiperplasia Benigna da Próstata. 3.9.2 Cancro da Próstata. 3.10 Patoloxía do Testículo: 3.10.1 Escroto Agudo. 3.10.2 Tumores do Testículo e Paratesticulares. 3.11 Patoloxía Xenital Masculina e Disfunción Sexual. 3.12 Coidados de enfermaría no paciente urolóxico: 3.12.1 Técnicas. 3.12.2 Tratamentos. 3.12.3 Educación sanitaria. 3.12.4 Prevención de complicacións.
4. Doazón de órganos	4.1 Aspectos lexislativos polos que se regulan as actividades de obtención e utilización de órganos e tecidos. 4.2 Diagnóstico e certificación da morte. 4.3 Consentimento presunto. 4.4 Organización Nacional dos Trasplantes (ONT). Oficina de Coordinación dos Trasplantes de Galicia. 4.5 Coordinación dos Trasplantes a nivel hospitalario. 4.6 Qué órganos e tecidos se poden doar. 4.7 Valoración do doante potencial. 4.8 Entrevista familiar. 4.9 Contextualización mantenemento do paciente doante. 4.10 Documentación relacionada. 4.11 Introducción coidados paciente crítico.

5. Neurocirurxía:	5.1 Introducción a Neurocirurxía 5.1.1 Subespecialidades en neurocirurxía: A enfermaría en neurocirurxía. 5.1.2 Historia da neurocirurxía e os avances tecnolóxicos asociados. 5.1.3 O profesional de enfermaría no servizo de neurocirurxía: 5.1.3.1 Coidados básicos e específicos no paciente neurocirúrxico. 5.1.3.2 Circuito do paciente neurocirúrxico. 5.1.4 Anatomía cirúrxica. 5.1.5 Exploración neurolóxica básica. 5.1.6 Neuroradioloxía. 5.1.7 Síndromes neurolóxicos e neurocirúrxicos. 5.1.8 Escalas de valoración en neurocirurxía. 5.2 Técnicas neurocirúrxicas e instrumental: 5.2.1 Quirófano en neurocirurxía. 5.2.2 Mesa neurocirúrxica. 5.2.3 Coidados e colocación do paciente en neurocirurxía. 5.2.4 Microscopio. 5.2.5 Instrumental básico. 5.2.6 Neuronavegador. 5.3 Procedementos básicos en neurocirurxía: 5.3.1 Craneais: 5.3.1.1 Trépano-Mini trépano. 5.3.1.2 Craneotomía-Craniectomía. 5.3.1.4 Biopsia cerebral. 5.3.1.5 Derivación ventrículo peritoneal. 5.3.2 Columna: 5.3.2.1 Laminectomía, discectomía cervical, lumbar. 5.3.2.2 Instrumentación columna, vertebroplastia, cifoplastastia. 5.4 Procedementos: 5.4.1 UCC-monitorización PIC. 5.4.2 Drenaxe ventricular externo. 5.4.3 Drenaxe lumbar. 5.4.4 Coidados especiais das feridas no paciente neurocirúrxico. 5.5 Procedementos especializados: 5.5.1 Neurocirurxía estereotáxica. 5.5.2 Radiocirurxía. 5.5.3 Neuroradioloxía intervencionista: vascular, columna, dor. 5.6 Patoloxía tumoral: 5.6.1 Meninxiomas. 5.6.2 Gliobastoma multiforma. 5.7 Patoloxía vascular cerebral: 5.7.1 Isquémica, hemorráxica. 5.8 Patoloxía traumática: 5.8.1 Craneal, trauma craneal leve con risco, TCE grave, raquimedular.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	36	61	97
Actividades introdutorias	3	0	3
Estudo de casos	8	8	16
Traballo tutelado	1	31	32
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos específicos da materia obxecto de estudo.
Actividades introdutorias	Sesións de clase expositiva dos contidos xerais por cada un dos profesores/as intergrantes da materia.
Estudo de casos	Actividades prácticas a desenrolar na aula na que o/s estudante/s de forma activa, ben de forma individual ou en grupo describe, analiza, e resolve en caso necesario, situacións concretas expostas ou simuladas polo profesor/a tendo en conta os contidos da materia desenrolados previamente.
Traballo tutelado	O/a estudante, de maneira individual, elabora un documento seguindo as directrices do profesor responsable, sobre unha temática da materia concreta. Trátase dunha actividade autónoma do estudante que inclúe a procura e recollida de información, lectura, manexo de bibliografía actualizada, redacción, exposición e defensa.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Ademais da información facilitada polo profesor sobre os requisitos para levar a cabo a elaboración do traballo proposto, o estudante poderá establecer comunicación con el para liquidar dúbidas xurdidas durante proceso de elaboración a través da ferramenta/s de comunicación establecida/s polo mesmo.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adquirir destreza en procedementos alternativos de solución.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estudo de casos	De forma grupal ou individual exporanse casos e situacións a través das distintas ferramentas dispoñibles (soporte escrito, presentación audiovisual, simulación práctica, moovi, campus remoto, taller práctico...) que os estudantes de forma activa tratarán de analizar e resolver segundo as directrices marcadas previamente polo profesor. (TALLER NEUROCIRUXÍA).	20	A3 A4	B7	C30 C32	D1 D3 D4 D7
Traballo tutelado	O/a estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre unha temática concreta e seguindo as directrices definidas previamente nunha data límite establecida polo profesor (DR MAGDALENA). Levarase a cabo de forma individual.	20	A3 A4 A5		C28 C29 C32	D1 D2 D3 D7 D8
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta. O estudante seleccionará unha resposta entre un número limitado de posibilidades (catro opcións de resposta). Cada resposta correcta sumará catro puntos e cada incorrecta restará un punto. Oportunidade de Xaneiro e Xuño/Xullo no horario establecido no calendario oficial de exames publicado na web. Aulas 21 e 23.	60	A3 A4		C28 C29 C32	D1 D2 D3 D4 D8

Outros comentarios sobre a Avaliación

DISTRIBUCIÓN DE BLOQUES TEMÁTICOS E PROFESORES ASIGNADOS AOS MESMOS:

CARLOS JOSÉ MAGDALENA LÓPEZ: 1, 2

DANIEL PESQUEIRA SANTIAGO: 3

ALICIA MUIÑOS ÁLVAREZ: 1, 4

JULIO CÉSAR PALOMINO OQUENDO: 5

PROBA OBXECTIVA TIPO TEST: 60 PREGUNTAS (60%)

- CARLOS JOSÉ MAGDALENA LÓPEZ: 25 PREGUNTAS

- DANIEL PESQUEIRA SANTIAGO: 15 PREGUNTAS

- ALICIA MUIÑOS ÁLVAREZ: 15 PREGUNTAS

- JULIO CÉSAR PALOMINO OQUENDO: 5 PREGUNTAS

IMPORTANTE: A presencialidade/participación na aula durante as sesións maxistrais poderase utilizar como factor moderador na cualificación final.

AVALIACIÓN DE XUÑO/XULLO:

Os criterios de avaliación manteranse para ámbalas dúas oportunidades da convocatoria (xaneiro e xuño/xullo).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

P. Parrilla Paricio; J.I. Landa Garcia, **Cirugia AEC**, 2ª Edición, Editorial Medica Panamericana,
Pamela L. Swearingen, **Manual de Enfermeria Médico- Quirúrgica**, 6ª Edicion, Elsevier- Mosby,
Sabiston, **Tratado de Cirugía. Fundamentos Biológicos de la Práctica Quirúrgica Moderna**, 20ª Edición, SA Elsevier España, 2017
L. Andreu Periz et. al, **La Enfermería Médica y el Trasplante de Órganos**, Panamericana S.A, 2004
Alan Wein et.al, **Campbell Walsh Urología**, Décima, Panamericana S.A, 2015
Mark S. Greenberg, **Manual de Neurocirugía**, 2ª edición, Journal, 2013

Bibliografía Complementaria

Brunner& Suddarth´s, **Textbook of Medical- Surgical Nursing**, 12ª Edición, Lippincott Williams & Wilkins,
Kathleen Duffy, **Medicall- Surgical Nursing Made Incredibly Easy**, 1ª Edición UK, 2011
Morris PJ, Malt RA, **Oxford Testbook of Surgery**, 2ª Edición,
Ministeriode Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, **www.ont.es**,
J. Larry Jameson et. al, **Harrison Endocrinología**, 20ª Edición, Mc Graw Hill, 2007
Marylynn E. Doenges et al., **Planes de Cuidados de Enfermería**, Séptima Edición, Mc Graw-Hill, 2008
Mary Fran Hazinki et. al. Edición en español: Fabian C.Gelpi, **Aspectos Destacados de la Actualización de las Guías de la AHA para RCP y ACE de 2015**, CPR&ECC, 2015
Laso JF, **Introducción a la medicina clínica: Fisiopatología y semiología**, 2ª edición, Elsevier-Masson, 2010

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Enfermaría de urxencias e coidados críticos/V53G140V01414
Introdución á enfermaría avanzada/V53G140V01415
Prácticas clínicas IV/V53G140V01405
Prácticas clínicas V/V53G140V01406
Traballo de Fin de Grao/V53G140V01407

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Prácticas clínicas II/V53G140V01303
Prácticas clínicas III/V53G140V01306

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/V53G140V01101
Bioquímica: Bioquímica/V53G140V01103
Fisioloxía: Fisioloxía/V53G140V01105
Fundamentos de enfermaría/V53G140V01107
Enfermaría clínica I/V53G140V01204
Enfermaría clínica II/V53G140V01205
Farmacoloxía e dietética/V53G140V01203
Introdución á enfermaría clínica/V53G140V01201

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Enfermaría materno-infantil				
Materia	Enfermaría materno-infantil			
Código	V53G140V01302			
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermaría (Povisa)			
Coordinador/a	Domínguez Otero, Mª José			
Profesorado	Cid González, Carla Domínguez Otero, Mª José Estévez Guimeráns, Francisco			
Correo-e	mjdominguez@povisa.es			
Web	http://www.cepovisa.com			
Descrición xeral	A materia consta de dous partes ben diferenciadas: A enfermaría maternal que se ocupa da atención a muller e nai; e a enfermaría infantil cuxo obxectivo é o neno nas súas diferentes etapas evolutivas ata a idade adulta. Como obxectivos xenerais, o alumno, ao finalizar a materia será capaz de: - Obter coñecementos e habilidades necesarias sobre aspectos de coidados de técnicas de enfermaría materno-infantil, que permitan capacitalo para desenvolver a practica enfermeira dunha forma idónea - prestar coidados integrais tanto á muller como ao neno, desde o seu nacimento ata a adolescencia, nos diferentes niveis de atención de saúde: promoción, prevención, recuperación e rehabilitación; tendo en conta a súa individualidade e, o contexto familiar e socio-ambiental no que se desenvolven - Desenvolver un espírito crítico e investigador no area da enfermaría materno-infantil, que lle permita enriquecer o seu desenvolvemento e formación.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Saber planificar e prestar coidados de enfermaría dirixidos ás persoas, familias ou grupos, orientados, aos resultados en saúde, avaliando o seu impacto, a través de guías de práctica clínica e asistencial, que describen os procesos polos cales se diagnostica, trata ou coida un problema de saúde.
B4	Ser capaz de comprender o comportamento interactivo da persoa en función do xénero, grupo ou comunidade, dentro do seu contexto social e multicultural.
B5	Deseñar sistemas de coidados dirixidos ás persoas, familia ou grupos, avaliando o seu impacto e establecendo as modificacións oportunas.
B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, como individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto ás súas opinións, crenzas e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional.
B8	Promover e respectar o dereito de participación, información, autonomía e consentimento informado na toma de decisións das persoas atendidas, acorde coa forma en que viven o seu proceso de saúde-enfermidade.
B9	Fomentar estilos de vida saudables e o autocoidado, apoiando o mantemento de condutas preventivas e terapéuticas.
B10	Protexer a saúde e o benestar das persoas, familias ou grupos atendidos, garantindo a súa seguridade.
B11	Saber establecer unha comunicación eficaz con pacientes, familias, grupos sociais e compañeiros. Fomentar a formación e información para a saúde.
C34	Identificar as características das mulleres nas diferentes etapas do ciclo reprodutivo e no climaterio e nas alteracións que se poden presentar proporcionando os coidados necesarios en cada etapa.
C35	Aplicar coidados xerais durante o proceso de maternidade para facilitar a adaptación das mulleres e os neonatos ás novas demandas e previr complicacións.

C36	Coñecer os aspectos específicos dos coidados do neonato. Identificar as características das diferentes etapas da infancia e adolescencia e os factores que condicionan o patrón normal de crecemento e desenvolvemento.
C37	Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes na infancia e identificar as súas manifestacións. Analizar os datos de valoración do neno, identificando os problemas de enfermaría e as complicacións que poden presentarse.
C38	Aplicar as técnicas que integran o coidado de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos nenos e os seus coidadores.
C39	Seleccionar as intervencións dirixidas ao neno san e ao enfermo, así como as derivadas dos métodos de diagnóstico e tratamento.
C40	Ser capaz de proporcionar educación para a saúde aos pais ou coidadores primarios.
D1	Capacidade de análise e síntese.
D2	Capacidade de organización e planificación.
D3	Capacidade de xestión da información.
D4	Resolución de problemas e toma de decisións.
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe.
D6	Habilidades nas relacións interpersoais.
D7	Razoamento crítico.
D8	Aprendizaxe autónoma.
D9	Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de planificar coidados de enfermería nas distintas etapas da vida da muller, dentro do contexto familiar e comunitario, para lograr un estado de saúde óptimo ou recuperar a saúde, baseándose a toma de decisións, en datos obxectivos, feitos científicos e evidencias clínicas.	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B4 B5 B7 B8 B9 B10 B11	C34	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9
Saber describir os cambios que acontecen no organismo durante a xestación, parto e puerperio.	A1 A2 A3 A4 A5		C35	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9
Saber describir, as intervencións e actividades axeitadas a prevención e tratamento dos problemas de saúde, na infancia e na adolescencia, e planificar os coidados garantindo o dereito a dignidade, privacidade, intimidade, confidencialidade e capacidade de decisión, do neno e a súa familia.	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B7 B8 B9 B10 B11	C36 C37 C38 C39 C40	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9

Contidos

Tema	
1.-Recordo anatomico do aparello xenital feminino	1.1- Características anatómicas 1.2- Medios de fixación, vascularización e inervación.
2.- Ciclo xenital feminino.	2.1- Ovulación 2.2- Menstruación
3.- Puberdade e climaterio	3.1- Definición 3.2- Diagnóstico 3.3- Tratamento
4.- Diagnostico do embarazo.	4.1- Modificacións fisiolóxicas e psicolóxicas da muller embarazada
5.- Control prenatal.	5.1- Infeccións perinatais
6.- Coidados hixienico-dietéticos da muller embarazada.	6.1- Educación maternal
7.-Principais problemas médicos que poden xurdir na muller embarazada.	7.1- Patoloxía médico-cirúrxica da xestante

8.- Principais problemas que afectan o desenvolvemento fetal	8.1- Parto prematuro 8.2- Desprendemento prematuro de placenta normoinserta 8.3- Placenta previa 8.4- CIR 8.5- Embarazo prolongado
9.- Parto	9.1- Inicio 9.2- Definición 9.3- Causas 9.4- Períodos
10.- Seguimento da parturienta durante as fases de parto.	10.1- Intervencións obstétricas. Coidados de enfermaría
11.- Taller: Toma de mostras vaxinais	11.1- Características do cérvix 11.2- Requisitos para a toma 11.3- Técnica da toma 11.4- Colposcopia
12.- Lactación materna.	12.1- Fisioloxía 12.2- Problemas mais frecuentes.
13.- Coidados de enfermaría no puerperio.	13.1- Infección puerperal
14.- Aborto.	14.1- Embarazo ectópico 14.2- Mola
15.-Planificación famillíar	15.1- Historia 15.2- Asesoramento 15.3- Métodos
16.-Trastornos menstruales	16.1- Amenorrea/oligomenorrea 16.2- Hemorraxias uterinas anormais 16.3- Dismenorrea
17.- Infeccións xinecolóxicas	17.1- Diagnostico e tratamento
18.- Tumores xinecolóxicos	18.1- Definición 18.2- Diagnóstico 18.3- Estadiaxe 18.4- Tratamento
19.- O neno. Pediatría e puericultura	19.1- Conceptos e evolución 19.2- Aspectos sociais 19.3- Saúde infantil en España
20.- O recentemente nado	20.1- Características 20.2- Valoración e atencións 20.3- Medidas preventivas 20.4- Problemas neonatales
21.- Alimentación do lactante.	21.1- Lactación natural, artificial e mixta 21.2- Alimentación complementaria 21.3: Alimentación despois do ano de vida.
22.-O lactante de alto risco	22.1- Neno pretérmino 22.2- Neno con baixo peso para o seu E.G. 22.3- Neno inmaturo 22.4- Neno postmaduro
23.-Aspectos psicosociais: Educación infantil.	23.1- Técnicas educativas e erros educativos 23.2- O ambiente familiar 23.3 O xogo e a TV
24.-Servizos de sanidade infantil.	24.1- Malos tratos infantís
25.- Hospitalización infantil	25.1- Preparación para a hospitalización 25.2- Reacción do neno e os seus pais fronte á enfermidade e hospitalización. 25.3- Asistencia ao neno enfermo 25.4- Peculiariedades da hospitalización infantil
26.- Principios de enfermaría cirúrxica:	26.1.- Coidados pre e postoperatorios do neno. 26.2.- Accidentes na infancia
27.-Nutrición e nutrientes. Anorexia nerviosa e falsa anorexia. Obesidade e os seus factores. Vitaminas. Dietas especiais	27.1- Anorexia nerviosa e falsa anorexia 27.2- Obesidade e os seus factores 27.3- Dietas especiais
28.- Metabolismo da auga. Balance hidroelectrolítico.	28.1- Deshidratación: Tipos e tratamento 28.2- Equilibrio ácido-base. 28.3- Acidose e alcalose e, os seus mecanismos de compensación
30.-Xenética médica.	30.1- Enfermidades conxénitas e hereditarias 30.2- Erros conxénitos do metabolismo

31.- Enfermidades mais frecuentes no neno por aparellos e sistemas	31.1- Sistema endocrino 31.2- Sistema nervioso 31.3- Psicopatoloxia. Retraso mental. Test de desenvolvemento psico-motor 31.4- Órganos dos sentidos: visión e audición 31.5- Aparello dixestivo 31.6- Sistema cardio-vascular 31.7- Hematoloxía 31.8- Lesións da pel: Enfermidades exantemáticas. Queimaduras no neno. 31.9- Aparello xenito-urinario 31.10- Sistema osteo-articular

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	56	114	170
Traballo tutelado	3	15	18
Estudo de casos	12	12	24
Seminario	2	6	8
Resolución de problemas	3	0	3
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballo tutelado	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma de/dos estudante/*s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
Estudo de casos	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixa as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten profundar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.
Resolución de problemas	Proba na que o alumno debe solucionar, de forma presencial, unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condiciones establecido/*as polo profesor. Desta maneira, o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu sobre o tema.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A actividade académica desenvolverase, individual e en pequenos grupos, coa finalidade de atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas cos temas específicos, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial e/ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).
Traballo tutelado	A actividade académica desenvolverase, individual e en pequenos grupos, coa finalidade de atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas cos temas específicos, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial e/ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	O estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, na preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita	5			
Estudo de casos	O estudante desenvolve exercicios ou casos clínicos na aula baixa as directrices do profesor e en relación con materia estudada previamente. Estará vinculado con actividades autónomas do estudante de forma individual ou en grupo e, con posterior resolución dos mesmos	10	A4 A5	B2 B4 B5 B7 B9 B10	C34 C35 C36 C37 C38 C39

Seminario	Valorase a participación do alumno en clase, así como a resolución/execución dos traballos realizados durante o mesmo.	5
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta. Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. A ter en conta que se establece criterio de puntos negativos naqueles casos nos que existan preguntas mal contestadas.	80

Outros comentarios sobre a Avaliación

No examen de preguntas obxetivas, tres fallos descontan unha resposta correcta.

Para poder optar a cualificación das restantes probas, deberá alcanzarse unha nota mínima de 4 no exame.
Os exames realizaránse nas aulas 21 e 23 nas datas publicadas na páxina web do centro.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AGUILAR M.J., **TRATADO DE ENFERMERIA INFANTIL: CUIDADOS PEDIATRICOS**, Ultima edicion, Ed. Elsevier, 2012

GONZALEZ VILLANUEVA, **ENFERMERIA DE LA INFANCIA Y LA ADOLESCENCIA**, ultima edic., Ed. Universitaria Ramon Areces, 2011

DONAT COLOMER F, **ENFERMERIA MARTERNAL Y GINECOLOGICA**, ultima edic, Ed. Masson, 2006

SEGURANYES GLORIA, **ENFERMERIA MATERNAL**, Ultima edic., Masson, 2006

Bibliografía Complementaria

BURROUGHS A., **ENFERMERIA INFANTIL**, ultima edicion, Mcgraw-Hill-Interamericana, 2002

ESPINAZO, **MANUAL DE ENFERMERIA PEDIATRICA PARA ATENCIÓN PRIMARIA**, ultima edic., Ed. Publimed, 2006

GONZALEZ MERLO J, **GINECOLOGÍA. OBSTETRICIA**, Ultima edic., Ed. Masson, 2013

SPEROFF, GLASS, KASE, **ENDOCRINOLOGIA GINECOLOGICA E INFERTILIDAD**, Ed. Waverly Hispanica SA,

SINGLETON, FOWLER, **ONCOLOGIA GINECOLOGICA**, Ed McGraw Hill,

CREASY AND RESNIK, **MATERNAL-FETAL MEDICINE**, Ed. Saunders,

http://www.aeped.es/protocolos, **Protocolos diagnósticos y terapéuticos en pediatría**,

www.sego.es, **Información general de asistencia obstétrico-ginecológica**,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas clínicas IV/V53G140V01405

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/V53G140V01101
Fisioloxía: Fisioloxía/V53G140V01105

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Prácticas clínicas II				
Materia	Prácticas clínicas II			
Código	V53G140V01303			
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	15	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermaría (Povisa)			
Coordinador/a	Giráldez Miranda, Esperanza María			
Profesorado	Giráldez Miranda, Esperanza María Maldonado Arroyo, Alfonso Eduardo Martínez Pérez, Estefanía Muíños Álvarez, Alicia			
Correo-e	mgiraldez@povisa.es			
Web	http://www.cepovisa.com			
Descrición xeral	A materia de prácticas clínicas II facilita a realización de coidados de enfermería baseándose na atención integral de saúde, a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial, utilizando a enfermería baseada na evidencia científica, co fin de proporcionar coidados ao paciente aplicando o proceso de enfermería, establecendo unha actitude empática co paciente e a familia garantindo en todo momento o dereito á confidencialidade, privacidade e dignidade.			

Competencias	
Código	
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Saber planificar e prestar coidados de enfermaría dirixidos ás persoas, familias ou grupos, orientados, aos resultados en saúde, avaliando o seu impacto, a través de guías de práctica clínica e asistencial, que describen os procesos polos cales se diagnostica, trata ou coida un problema de saúde.
B3	Saber aplicar os fundamentos e principios técnicos e metodolóxicos da enfermaría.
B4	Ser capaz de comprender o comportamento interactivo da persoa en función do xénero, grupo ou comunidade, dentro do seu contexto social e multicultural.
B6	Aplicar as intervencións da enfermaría na evidencia científica e nos medios dispoñibles.
B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, como individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto ás súas opinións, crenzas e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional.
B9	Fomentar estilos de vida saudables e o autocoidado, apoiando o mantemento de condutas preventivas e terapéuticas.
B11	Saber establecer unha comunicación eficaz con pacientes, familias, grupos sociais e compañeiros. Fomentar a formación e información para a saúde.
B12	Aplicar o código ético e deontolóxico da enfermaría española, comprendendo as implicacións éticas da saúde nun contexto mundial en transformación.
B13	Aplicar os principios de financiamento sanitario e sociosanitario e utilizar axeitadamente os recursos dispoñibles.
B15	Ser capaz de traballar co equipo de profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais.
B16	Ser capaz de utilizar os sistemas de información sanitaria.
B17	Realizar coidados de enfermaría baseándose na atención integral de saúde, que supón a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial.
C4	Utilización dos medicamentos, avaliando os beneficios esperados e os riscos asociados e/ou efectos derivados da súa administración e consumo.
C8	Aplicar as tecnoloxías e sistemas de información e comunicación dos coidados de saúde.
C11	Establecer unha relación empática e respectuosa co paciente e a familia, acorde coa situación da persoa, problema de saúde e etapa de desenvolvemento.
C12	Utilizar estratexias e habilidades que permitan unha comunicación efectiva con pacientes, familias e grupos sociais, así como a expresión das súas preocupacións e intereses.
C17	Aplicar o proceso de enfermaría para proporcionar e garantir o benestar a calidade e seguridade das persoas atendidas.
C18	Coñecer e aplicar os principios que sustentan os coidados integrais de enfermaría.
C29	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
C31	Realizar as técnicas e procedementos de coidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.
C33	Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.

C49	Prestar coidados, garantindo o dereito á dignidade, privacidade, intimidade, confidencialidade e capacidade de decisión do paciente e familia.
C50	Individualizar o coidado considerando a idade, o xénero, as diferenzas culturais, o grupo étnico, as crenzas e valores.
D3	Capacidade de xestión da información.
D4	Resolución de problemas e toma de decisións.
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe.
D6	Habilidades nas relacións interpersoais.
D7	Razoamento crítico.
D8	Aprendizaxe autónoma.
D11	Sensibilidade cara a temas ambientais.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Realizar cuidados de enfermería basándose en la atención integral de salud, que supone la cooperación multiprofesional, la integración de los procesos y la continuidad asistencial. Aplicar las intervenciones de la enfermería en la evidencia científica y en los medios disponibles.	A5	B2 B3 B4 B6 B7 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B17	C4 C8 C11 C12 C17 C18 C29 C31 C33 C49 C50	D3 D4 D5 D6 D7 D8 D11
Ser capaz de proporcionar coidados ao paciente aplicando o proceso de enfermaría, establecendo unha actitude empática co paciente e a familia aos que garantirá o dereito á confidencialidade, privacidade e dignidade.		B2 B3 B4 B6 B7 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B17	C4 C8 C11 C12 C17 C18 C29 C31 C33 C49 C50	D3 D4 D5 D6 D7 D8 D11

Contidos

Tema	
Rotatorio de prácticas preprofesionales que permitan a aplicación e a adquisición de competencias e dos coñecementos teóricos e metodolóxicos da Enfermaría á práctica clínica, en centros asistenciais (sociosanitarios e hospitais).	Realización das actividades referidas aos períodos de prácticas clínicas nos correspondentes servizos asistenciais, aplicando coidados de enfermaría básicos e específicos, segundo necesidades individuais de cada paciente, así como técnicas e procedementos. Realización portafolios en cada período.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticum, Practicas externas e clínicas	342	0	342
Obradoiro	5	5	10
Estudo previo	2	16	18
Actividades introdutorias	1	0	1
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	2	2
Cartafol/dossier	0	2	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición

Prácticum, Practicas externas e clínicas	O estudante desenvolve as actividades nun contexto relacionado co exercicio da profesión na área de Ciencias da Saúde. Como o título de Graduado/a en enfermería pola Uvigo é presencial e habilita para o exercicio dunha profesión regulada, no relativo ás prácticas clínicas, considérase imprescindible a formación presencial nos centros sanitarios de referencia. A realización de prácticas clínicas presenciais é un condicionante para que poidan ser avaliadas.
Obradoiro	Actividade enfocada á adquisición de coñecementos procedementais, habilidades manipulativas e instrumentais sobre unha temática concreta, con asistencia específica por parte do profesor/a ás actividades individuais e/ou en grupo que desenvolven os/as estudantes.
Estudo previo	Busca, lectura e traballo de documentación, previo ás clases ou prácticas de laboratorio, que realiza o alumnado de forma autónoma.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticum, Practicas externas e clínicas	O responsable do servizo xunto ao profesor titular das prácticas clínicas,realizarán o seguimento da evolución do estudante no desenvolvimento da súa actividade e resolverán os posibles incidentes que poidan xurdir.
Probas	**Descrición**
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Na primeira semana daranse as instrucions acerca do seu enchimento, insistindo na adquisición dos resultados de aprendizaxe, valorando ademais a relación co equipo profesional, pacientes e familias, e así realizar o estudante a súa propia autoavaliación do período desenvolvido.
Cartafol/dossier	O enchimento do portafolios supón que o estudante debe rexistrar as actividades diarias que realiza, mediante a súa observación ou ben a realización das mesmas. O grao de dificultade será expresado polo estudante, dato que se terá en conta por parte dos profesores titulares da materia de prácticas clínicas, co fin de liquidar a devandita dificultade nos seguintes períodos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Avaliación continua por parte do titor/a correspondente para identificar necesidades particulares do estudante (25%) e do equipo / profesionais do servizo (70%), valorando a adquisición das competencias asignadas, seguindo o modelo establecido, que se estrutura en: coñecementos teórico/prácticos, actitudes, habilidades e cumprimento das normas.	95	B3 B6 B11 B13 B15	C4 C11 C12 C17 C18 C29 C31 C33	D5 D6
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Informe do estudante na que se inclúe cumprimento de obxectivos, relación co equipo profesional, paciente e familia e valoración global da súa rotación no servizo asignado.	2.5	B7		D3 D5 D6 D8
Cartafol/dossier	Documento cumprimentado polo estudante que reflicte a súa percepción sobre o grao de dificultade ou observación das diferentes actividades e técnicas.	2.5		C4 C8 C11 C12 C17 C31 C33 C49	

Outros comentarios sobre a Avaliación

As prácticas clínicas I están vinculados a dous períodos, un de 3 semanas + a asistencia a un seminario previo (de asistencia obrigatoria) e outro de 4 semanas, en hospitalización e en centro sociosanitario.

